

Pilar Ageitos § Manuel Álvarez Petro § José Caamaño
Antonio Callén Domínguez § Quico Calo
Cristina Carou § Pablo Chouza § Pol Cobas
Susana María Diz González Cabañaque
Clara J. Marín § Amparo Fernández La Pelu
Josias Figueirido § Manuel Garrido Pérez Cabañaque
Sandra González § Manuel González Gómez Manu Mimé
Neru Herreros § Salvador Laño § Verónica Leis
Aurora Lestón § Rebeca López § María Magán Lamyón
Lorena Martínez Baleirón Missimaah
Mercedes Molares Cabana § Mónica Montero Parcero

Barbantia Rte

Ruth Montiel § Ana Moreira § Elia Núñez
Inés Parada Crujeiras § Marta Pedrosa
José Miguel Pérez Dieste § María José Puente Vázquez
María Queiruga Ayaso § Esteban R. Leyton
Loli Regueira § Sofía Regueira § Mónica Rivas
Lucía Romani § Pili Sampredro Lamyón
Delis Sánchez § Kan Santos § Manuel Silva
Jesús María Suárez Ares Sares § Ismael Teira
Che Tembra § Ainara Valle Díaz
Pascual Vidal § Pedro Vidal Gude § Laura Vilasé
Klaus Von Verden § Raquel Kallas

Promover a Arte con maiúsculas en todas as súas formas e manifestacións é un obxectivo que non é alleo a esta institución. De aí a idea de organizar por primeira vez esta exposición *BarbantiaRte*, que confiamos se converta nun referente incluídible para aqueles que sintan a inquietude de coñecer de primeira man que é o que están a facer aquí e agora os creadores do noso contorno.

Esta primeira edición abrangue unha selección de obras de medio centenar de artistas das distintas especialidades. Da pintura á escultura. Da fotografía ao debuxo e por suposto ao gravado. Todas as obras expostas posúen o denominador común da súa enorme calidade .

Como Presidente da Fundación Museo de Artes quero convidar aos cidadáns a que visiten esta mostra e se mergullen nas profundidades de cada unha das creacións, pois a cultura, o coñecemento e o desenvolvemento da nosa sensibilidade conforman o mellor camiño para crecer como humanos.

Manuel Ruiz Rivas

ARTE BARBANTIA I

Festa da arte no Barbanza: artistas da fotografía, do collage, da cultura, da escultura... A vitalidade dunha comarca chea de talento creador, chea de vida, en diálogo co noso e en diálogo co universal. Da realidade testemuñal á fantasía, do mundo das formas ao mundo das ideas para confluíren na sensibilidade de todos.

Unha xanela aberta á liberdade creadora dos autores e dos espectadores; un encontro de creadoras, de creadores, para o mutuo coñecemento e para ampliar a visión do mundo, mais tamén unha ocasión para convivir no Museo do Gravado de Artes, unha das institucións culturais máis importantes do Barbanza.

Barbantia, seguindo a súa tradición de facilitar a convivencia entre os creadores da bisbarra, vén xa realizando dende hai anos diferentes encontros de artistas, escritores, que teñan algo que aportar á sensibilidade común dende a liberdade absoluta. Así fomos pasando dende 2005 por distintos concellos, con centos de artistas, da música á pintura, da literatura á escultura e a outras formas de arte contemporánea, facendo un percorrido que permitise dar a coñecer o grande labor dos nosos artistas. A arte é liberación, é coñecemento, é liberdade, pero é tamén xogo, pracer, sensibilidade. Nestes tempos de crise, unha fiestra pola que mirar limpamente e que nos axuda a repensar a realidade e a superala.

A. C. Barbantia



OBRAS



Atallo S1, da serie Compostela: camiños do desexo

Fotografía sobre papel
40,5x30,5 cm

Ismael Teira (Boiro, 1987) presenta nas súas obras un interese especial cara a experiencia da paisaxe a través do percorrido, xeralmente ao camiñar. Formouse nas universidades de Santiago de Compostela, Barcelona e a Politécnica de Valencia, estando presente en exposicións colectivas de España e tamén do estranxeiro, destacando Praga (República Checa) ou Bos Aires (Arxentina). Expuxo de xeito individual en Santiago e Barcelona, e recibiu varios premios e bolsas de estudos, entre eles o Creación Joven INJUVE 2009 ou a Bolsa de mellora de estudos artísticos da Deputación da Coruña.

Web: www.ismaelteira.com
Email: ismael.teira@gmail.com



Flores de man con lúa

Óleo sobre táboa
73x26 cm

Os cadros de Mónica Rivas son ventás a unha poesía destilada por imaxes simbólicas, espazos creados para ambientar metáforas visuais, insinuantes e moitas veces icónicas. O destinatario é o derradeiro responsable de engadir a súa pincelada final, aportando un propio significado que enriqueza o contido poético da obra. Esta pintora de Boiro, imprime a súa sensibilidade e espontaneidade intentando levarnos máis alá da estética e do formal tratando de facernos “escoitar a melodía” dun traballo sinxelo e sincero.

Blog: www.menudoartegenial.blogspot.com.es
Email: selenenital@hotmail.com
Facebook con obras: Monica Rivas
Móbil: 636 680 349



Sen título

Mixa: acrílico e verniz
50x50 cm

Ainara Valle, estuda Belas Artes na Universidade de Vigo, especializándose na área de pintura. A súa visión nestes últimos anos sempre estivo dirixida a unha arte abstracta, inspirada no *Action Painting* de Jackson Pollock. O primeiro motivo que a leva a facer arte, é a representación ou exteriorización de sentimentos, de modo que en cada lenzo poden verse expresadas as súas verdadeiras emocións. Chamando así á súa obra, *Autorretrato*, e permitindo que o espectador disfrute da cor da súa alma.


Email: ainara_artista@hotmail.com



Maternidade

Granito Grafino
40x35x27 cm

Antonio Callón Domínguez (Ribeira, 1940). Estudou Artes aplicadas á Escultura na Escola Picasso de Coruña. A súa primeira exposición colectiva, de escultura, tivo lugar en Ribeira no ano 2009 con dous traballos. En *Dolce Vita* (A Coruña, 2010), con dez traballos en resina, granito e madeira. No Club del Mar (A Coruña, 2011), primeiro premio de escultura. Na Asociación de Veciños do Castrillón (A Coruña, 2013), primeiro premio de pintura.



O náufrago de Caronte

Fotografía, impresión directa sobre lenzo
30x30 cm

Nada en Barcelona en 1977, pero criada en Galicia, concretamente en Palmeira, Ribeira, dende a infancia encamiñou os seus pasos formativos cara o mundo da arte e a publicidade. A súa obra foi exposta en numerosas institucións culturais, artísticas e galerías de nivel nacional e internacional. Imparte talleres e charlas sobre a súa obra en distintos centros culturais e escolares. O seu traballo foi seleccionado en distintos certames de arte e natureza, así como en bolsas e residencias artísticas.

Web: <http://ruthmontielarias.com/>
Email: ruthariass@gmail.com



Deluxe

Fotografía sobre tea
238x151 cm

Directora artística e estilista. As súas coleccións poden verse nas máis prestixiosas revistas de imaxe persoal. Na exposición móstrase unha das imaxes da colección *Deluxe*, que foi finalista do certame *Style Master*, celebrado en Budapest.


Web: www.lapeluamparofernandez.es
Email: lapelu@lapeluamparofernandez.es
Facebook: [lapeluamparofernandez](https://www.facebook.com/lapeluamparofernandez)
Facebook: Amparo Fernandez
Teléfono: 981 847 392
Móbil: 667 612 672



Ventá con vistas a paisaxe Daliniano

Óleo sobre lenzo
119x92 cm
Maio 2012

Web: www.sofiaregueira.com
Email: info@sofiaregueira.com



Sen título

Técnica: óleo sobre lenzo
50x70 cm

Natural de Boiro. De formación autodidacta, disfruta pintando ao aire libre. Pinta dende sempre, e leva transmitindo o que sabe a maior parte da súa vida, realizando cursos e talleres de pintura para nenos e adultos.

Email: mpuentevazquez@yahoo.es



Alegoría Do Faro

Óleo sobre lenzo
70x60 cm

A miña traxectoria é eminentemente práctica, o camiño faise andando. Pasos adiante, e algún atrás, pero dos que sempre se aprende. Constante busca e intento de perfeccionamento avanzando paseniño e observando que, a medida que aprendo, é moito máis o que me queda por aprender. Cambio constante, incorformismo, curiosidade, investigación, estudo...

Email: cris.davinci@hotmail.com



Deaire

100x100 cm

Acrílico sobre lenzo, 2013

Nace en Palencia, o seu interese pola arte comeza na Escola de Artes e Oficios Mariano Timón. Cursa Belas Artes en Pontevedra e despois de licenciarse en 2006, comeza o doutorado e o CAP. Quixo invertir un ano na aldea de Runs e facer a súa investigación para o DEA co título *Silencio ante a natureza*. Traballa no ámbito psiquiátrico impartindo talleres de estimulación terapéutica artístico-creativa. Realiza diferentes exposicións individuais e colectivas no ámbito de Galicia e Castela e León. Actualmente prepara a tese doutoral sobre estratexias creativas con respecto á natureza e os seus procesos.

Web: <http://neruherreros.carbonmade.com>

Email: coloreaneru@gmail.com

Móbil: 610437395



Híbrido

Escultura en cemento e material de refugallo
35x39x33 cm

Mónica Paula Montero Parcerro nace en Santiago de Compostela o 5 de outubro de 1964. Licenciada en Filloxía Hispánica pola Universidade de Santiago, é profesora de Ensino Secundario no IES Leliadoura de Ribeira desde 1995, onde exerce a docencia na actualidade. Compatibilizou os seus estudos na Universidade con cursos de pintura, debuxo e modelado na Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo de Compostela, continuando posteriormente a súa formación de xeito autodidacta. Nos últimos anos retomou esta actividade con máis forza, participando en diversos cursos relacionados coa expresión plástica e realizando varias exposicións individuais e colectivas.

Email: monteroparcero@edu.xunta.es



Porqué

Técnica mixta con luz negra

Soporte: DM

100x80 cm

Manuel Álvarez Fernández (*Petro*), nace o 8 de outubro de 1972 en Sinsheim, Heidelberg (Alemaña). Licenciado en Belas Artes pola facultade de Pontevedra (1993-1998). Actualmente é profesor de Debuxo en secundaria.

Email: petroalvarez72@gmail.com



Medo me dá (particular homenaxe ao cine de terror serie B)

Talla en madeira

Torso e mans: madeira de haxa

Pernas e brazos: madeira de teka

185x76x47 cm

Pedro Vidal Gude (1977), cursou os seus estudos no Mestre Mateo. Tras dous anos rompendo o lombo na lonxa, entra a traballar nunha empresa de restauración e rehabilitación como carpinteiro, oficio que desempeña ata a actualidade.

Email: pedradas.arte@gmail.com



Muxíndonos

Refugallo de ferro e aceiro inoxidable
77x102 cm

José Andrés Tembra Redondo, coñecido como **CHE TEMBRA**, artesán que traballou como mecánico e ferreiro para dar logo paso á arte da escultura. Nado en Taragoña (Rianxo), identifícase coa figura máis representativa desa vila, Castelao.



O parking

Acuarela

24,5x30 cm

Francisco Manuel Calo Lustres, de formación autodidacta e complementada coas clases do artista ribeirense Antonio Pérez. Expuxo, entre outros lugares, no antigo Pub Piscis de Aguiño, no Café Albatros de Ribeira, participando tamén na Bienal de Pintura José Luís Fernández, de Boiro.

Email: tojino@hotmail.com



O fillo que Frida nunca tivo

Técnica: acrílico sobre papel
100x70 cm

Verónica Leis, Porto do Son, 1986. Tras pasar pola Escola de Canteiros de Poio, gradúase na Facultade de Belas Artes de Pontevedra e na especialidade de pintura na Universidade de Vigo. Participou en diferentes exposicións colectivas en Galicia. Traballou como *model maker* e pintora na produción galega *O Apóstolo*. A súa traxectoria está marcada pola experimentación continua; Agora vén de Rotterdam de desenvolver un proxecto pictórico persoal.

Email: veronicleis@gmail.com



As Cousas do fútbol

Gouache sobre papel
96,5x81 cm

Josias Figueirido Rivas nace en Ribeira en 1983. Cursa estudos de Belas Artes durante os anos 2003 ao 2010 na cidade de Londres. Tras a súa educación expón anualmente tanto en Inglaterra como en España. O interese do artista comprende, especialmente, as disciplinas do debuxo, gravado e pintura. Como aspecto unificador na súa obra é práctica atopar a análise do natural a través da observación: ás veces pintando directamente do natural, coma o retrato presente nesta exposición, e outras veces, desenvolvendo debuxos primeiramente executados ao natural e transformándose posteriormente en gravados, pinturas ou debuxos máis completos.

Email: asdovas@hotmail.com
Móbil: 647 291 862



Merirreili

Técnica mixta, serigrafía sobre vidro e vidro soprado
31x52x10 cm

Merirreili está a piques de saír do seu cascarón. Neste mundo caótico no que se xoga a ser Deus, agardamos con impaciencia o nacemento dunha nova especie, dun novo ser. Ao rematar os seus estudos na facultade de Belas Artes, trasládase a Barcelona para facer un curso de vidro na *Fundació del Vidra* de Cataluña, e alí experimenta un novo mundo que derivou na realización da peza *Merirreili*. Seguindo a temática que investiga na tese doutoral sobre o terceiro sexo, un novo ser nin masculino nin feminino e ambos os dous.

Email: ciertochasco@yahoo.es



Arneirón namorado e vento nordés

Técnica mixta sobre creba
26x20 cm

*“O mar esculpe, eu atopo a creba e pintoa. Somos mar e soños,
acción e apenas creación”*

Web: <http://about.me/moreiras>
Email: moreiras26@gmail.com



Lavandeira

Técnica: Pintura acrílica, liño, esmalte e arxila
43x30 cm

Cabañaque está formado por Manuel Garrido Pérez e Susana Mª Diz González, ourensáns afincados en Escarabote (Boiro).

Web: <http://cabanaque.blogspot.com>

Emails:

Susana Mª Diz González: su.diz.gonzalez@gmail.com

Manuel Garrido Pérez: lologarrido73@gmail.com



Sen título

Acrílico sobre lenzo
50x70 cm

Licenciada en Belas Artes na especialidade de escultura, aínda que a súa andaina ten máis que ver coa pintura e o deseño. Esta obra forma parte dunha serie moi ampla de pinturas na que investiga sobre o trazo rápido con modelos en movemento. Seleccionouna por ser a primeira peza desta serie chamada *Destrazos*, que evolucionará cara uns fondos máis ricos e un trazado máis espontáneo.

Email: maria@dejude.es




Greca, 2006

Collagraph
240x36,5 cm

Nace en Dodro en 1983. Licenciada en Belas Artes na Universidade de Vigo, acada a Suficiencia Investigadora no 2010 e na actualidade está a realizar a súa Tese Doutoral en torno á *Costura: da reivindicación política á recreación poética. O procedemento da costura na arte contemporánea*. Fundadora e membro de LIBA colectivo, defínese como artista plástica e visual de carácter interdisciplinar interesada na xestión e produción de contidos artístico-culturais. Entre as súas exposicións e participacións destacan: Ciclo de videocreación no CGAC, 2006; *Pioneiros da creación en Galicia dos anos 80* no MACUF, 2006; exposición individual *Tactilidades* no Centro Social de Boiro, 2008; instalación multimedia *Desea, pensa e pestanexa* en LABoral centro de arte e creación industrial, Xixón, 2009; Exposición de *estrategias urbanas deslocalizadas* na casa da cultura de Vigo, 2009; realización de performance *Perforesearches* e *BEliba* en Fundación Serralves, Oporto, 2009 e 2010; exposición *Star System* na sala Alterarte, Ourense, 2010 e publicación de *En estado crítico. Sobre políticas e economías do Arte no eixo noroeste*, 2011, entre outros.

Web: mariamagan.blospot.com
Email: mmaganlampon@gmail.com



Ensoñación

Acrílico sobre lenzo

Esta peza baséase na interrelación existente entre os elementos que conforman o cadro: a cor, a liña, o material, o formato e o entorno. É un autorretrato introspectivo que mostra o estado anímico do autor en relación ao espazo no que se desenvolve a propia experiencia vivencial. Non se busca unha representación mimética das formas do entorno, senón máis ben unha reformulación en primeira persoa de ditos elementos, donde priman as sensacións que pode suscitar a obra no espectador.

Email: pili.sampedro.lampon@gmail.com



O camiño na pintura, 2007

Acrílico sobre vinilo efecto espello


100x70 cm

Colección particular

Loli Regueira nace en Palmeira, Ribeira en 1987. Licenciada en Belas Artes - Directora de Arte Gráfica, web e Publicitaria. A obra presentada á exposición é unha alegoría ao camiño que sen vacilacións debe escoller un creador no terreo artístico da pintura. É, tamén, unha visión moi persoal da práctica que ás apalpadelas titubea entre a figuración e a mancha nunha busca de atopar o sendeiro correcto e conseguir facelo singular e propio. Esta peza pertence a unha serie de cadros materializados no ano 2007, no seu traballo actual, moi lonxe de seguir buscando un camiño que é inabarcable, trata de crear situacións atmosféricas entre conexións abstracto-figurativas produto da espontaneidade do tratamento controlado da materia.

Web: <http://loliregueira.artebarbanza.com>

Email: loliregueira@gmail.com



Homenaxe a Monet

Técnica: óleo sobre lenzo
78,5x78,5 cm

Delio Sánchez, nace en Santiago de Compostela no ano 1968, aínda que viviu dende neno en Noia. Cursa estudos superiores na Escola de Artes Mestre Mateo de Santiago de Compostela, onde se titula como Técnico Superior en Artes Plásticas aplicadas á Escultura. Afincado en Lestedo, combina a pintura, dentro dun estilo expresionista onde o colorismo e a materia están patentes, ca escultura en granitos galegos, mármore e principalmente ferro.

Web: www.deliosanchez.com
Email: artedelio@gmail.com




Miradas en branco e negro

Fotografía
49,5x39,5 cm

Raquel Rodríguez Xallas. Actual estudante de Belas Artes. Colaborou na exposición colectiva *Mulleres de onte e hoxe* no ano 2012. Actualmente está interesada na fotografía e adicase a experimentar esta técnica mesturada coa ilustración.

Web: rxallas.blogspot.com
Email: rakel92_ps@hotmail.com
Móbil: 618 428 256



Xugo Vacasola II

Mixta / tea
100x100 cm

Neste traballo, represéntase a realidade e os recordos dunha muller-nena que dende a súa infancia viviu coas vacas e estas formaron parte do seu xeito de vida. E por outra banda, os seus recordos en forma de debuxo, que hoxe, no presente, rememora aqueles tempos pasados. Temos logo, a representación, nun só espazo, de dúas vivencias separadas polo tempo, pasado e presente.

Email: sflaino@gmail.com



Cosendo cadeas

Acrílico sobre lenzo
170x200 cm

Como coser cadeas narra a historia dunha muller que decide atarse a un home ao que non quere. A resignación de quen teme morrer soa, fuxindo dunha familia castante e unha sociedade que non aproba unha muller que non viva no *cálido* abrigo do seu marido. De como crea as súas propias cadeas e de como colga a sogá ao pescozo. Baseada na película e a novela *O veo pintado*.

Móbil: 646 744 777



Máscara chamánica

Mixta sobre tela
73x60 cm

Ao observar a pintura, unha liña continua de cunchas cosidas ao lenzo debuxan a silueta dunha mirada. Como nunha antiga máscara africana, trátase de cunchas sagradas. Un coral vermello ou tal vez, unha árbore de cor sangue completa a silueta da máscara. Un A maiúsculo coroa a composición recordándonos que debería ter sido o principio. Como nun xeróglifo pasado.

Email: unifota@hotmail.com



Sen título

Técnica: augaforte
38x56 cm

Nace en Barcelona. A partir dos sete anos residirá coa súa familia en Lugo e alí realiza os estudos de Maxisterio. Durante un tempo asiste a aulas do pintor lucense Blas Lourés. En 1974 licénciase en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela. Cursa estudos de esmalte e talla de madeira na Escola Mestre Mateo de Artes en Santiago. Dende 1982, e durante varios anos, asiste ao obradoiro de arte dirixido polo pintor Quintana Martelo. Actualmente reside en Santiago onde exerce como profesora de Bacharelato II ata a súa xubilación.

Web: www.clarafmarin.com



Sígurd e Fáfnir

Lapis acuarelables
29x33 cm

M^a Aurora Lestón Mayo (A Formilla, Esteiro, Muros) é herdeira dunha longa caste de inclinacións artísticas (canteiros, costureiras, músicos e debuxantes) e, polo tanto, non podía máis que dedicar unha boa parte do seu tempo a crear mundos tamén ela. O seu eido de preferenza é o debuxo, ao que corresponde a ilustración *Sígurd e Fáfnir*, inspirado na Porta de Sígurd e que recolle a coñecida escena do enfrontamento do heroe e o dragón na saga nórdica.

Email: auroraleston@yahoo.es



Sen título

Fotografía en branco e negro
60x120 cm

Non quere falar de situacións concretas, senón dunha idea global, as dúas caras dunha soa moeda que ten sido capaz de destruír civilizacións, explotar persas e territorios a favor dos seus beneficios, o norte e o sur. Nin dunha época determinada, senón dunha evolución violenta, a historia do poder. Silenciamos a dignidade, impondo un modo de vida no que xa só nos diferenciamos polo tipo de máquinas que debemos ser, control e produción, coa carga da incomunicación, posto que o son das máquinas non sairá da fábrica.

Email: polcobas@hotmail.com
Web: www.palcobas.wix.com/polcobas



Osteoporosis. Serie Patoloxía fotográfica

Técnica: Fotografía dixital.
67x40 cm

Patoloxía fotográfica encerra unha “foto-loxía pato-gráfica” (un modo de concibir a fotografía como un xogar coa luz para *escribir* algo que desperte un sentimento capaz de afectar o xuízo) é froito dun traballo minucioso, só posible despois de excavar en dores agudas e só realizable por unha mirada inqueda que no seu facer fotográfico nos toca e nos tambalea.

Texto de Rocío Alén

Web: www.estebanleyton.com
Email: estebanleyton@hotmail.com



Execución ou xustiza

Fotografía impresa sobre lenzo a 6 tintas
82x62 cm

Nado en 1971. Exerce como Deseñador Gráfico dende 1994, e como fotógrafo dende 2002. No ano 2005 funda **cmandixital**, estudo de comunicación visual, tarefa que combina coa súa paixón cara o mundo da imaxe e, en concreto, a fotografía.

Web: www.cmandixital.com
Email: cmandigital@me.com



Sen título

Acrílico sobre lenzo
30x30 cm

Doutora en Belas Artes pola Universidade de Vigo (2012). Participou en diversas experiencias colectivas no ámbito da creación e a investigación como membro do *Laboratorio de Creación Artística, Aprendizaxe e Investigación Cooperativa explolab* (2007-2009) e do *Seminario de Intervencións Artísticas no Espazo Público* (2005-2006). Así mesmo, ten colaborado no *Proxecto N-550* (2010-2012) e na construción do *Laboratorio Alg-a* (2007-2008). Paralelamente, publicou artigos sobre arte pública e creación colectiva, relacionados coa súa Tese Doutoral, en diversos catálogos e revistas. Recibiu a *Bolsa Novos Valores da Deputación de Pontevedra* (2007) e as *Bolsas de Paisaxe da Fundación Mondariz-Balneario* (2005) e da *Fundación Rodríguez-Acosta de Granada* (2004).

Email: luciaromanifernandez@gmail.com



Letargo

Talla en madeira de castiñeiro
60x40x35 cm

Transmite calma, serenidade, como unha deidade á que non afecta o paso do tempo, pero que nalgún momento pode espertar do seu sono eterno. Comeza os seus estudos en Santiago de Compostela na Escola de Artes Mestre Mateo, realizando escultura, logo na Coruña, e estuda ilustración e deseño gráfico na Pablo Picasso, para posteriormente trasladarse a Barcelona e realizar estudos relacionados co vídeo. Actualmente reside en Compostela onde realiza as diferentes disciplinas aplicadas ao ámbito laboral e artístico.

Web: www.manuelsilva.net
Email: info@manuelsilva.net



Dámaso

Técnica: fotografía analóxica
50x40 cm

Dámaso é unha fotografía que pertence ao **Proxecto EROSIÓN**, do ano 2005, onde se amosa o desgaste sufrido polo paso do tempo nas persoas e nas pedras. Pablo Chouza é un autor formado artisticamente na Escola de Arte Pablo Picasso. Formou parte do **Colectivo LaLlave** e colabora regularmente con **Leñaverde**. Desenvólvese por igual na fotografía e na realización audiovisual.

Webs: www.pablochouza.com
<http://vimeo.com/pablochouza>
<http://pablochouza.tumblr.com>
www.linkedin.com/in/pablochouza
 Email: chouzapablo@gmail.com

Contos de fadas para tempos difíciles

Instrucións de uso:

- 1º) Porse de xeonllos sobre o coxín.
- 2º) Colocar os auriculares para escoitar unha poesía e unha canción mentres se mira o cadro.

Autoras e técnicas empregadas:

NAI: Laura Silva Novoa. Calceta con lá, audio con voz recitando.

FILLA: Pilar Fuentes Silva. Patchwork, audio con voz recitando.

NETA: Pilar Ageitos Fuentes. Debuxo con bolígrafos de cores sobre papel.

Canción “*Fairy Tales for Hard Times*” (composición, voces, mesturas, son).

BISNETA: Noa Vida Ageitos. Modelo do debuxo, audio con voz recitando.

Pezas da instalación e medidas:

Cadro: 64x74 cms


Coxín: 64x64 cms

Reprodutor de audio con poesía e canción en bucle: 22x27 cms

Cable de alimentación para o reprodutor: 79 cms

Auriculares: cable de 150 cms

Pilar Ageitos estudou Belas Artes e adicouse a diferentes oficios relacionados con esta disciplina. Nesta obra participa creando un debuxo e unha canción. Xunto a ela, mulleres de diferentes xeracións da súa familia colaboran na creación desta instalación: deseñan, calcetan, bordan, cosen, recitan e posan.



Pilar Ageitos Fuentes

Email: ageitos.pilar@gmail.com

Rúa/ 9 de Agosto nº 49, 1º esquerda

15960 Ribeira (A Coruña)

Móbil: 670 52 20 46

Pilar Fuentes Silva

Rúa/ 9 de Agosto nº 49, 1º esquerda

15960 Ribeira (A Coruña)

Móbil: 650 932 990

Confección das pezas de patchwork en:

A Fiandeira do Rueiro

Obradoiro de patchwork

Enderezo: R/ Pérez Galdós, 29 (O Rueiro)

Teléfono: 981 87 44 84

Web: <https://es-es.facebook.com/afiandeira.dorueiro>



Cemiterio

Escultura en cemento

10x22x11 cm

9x30x32 cm

10,2x19x2,2 cm

6,2x10x1,1 cm

40x40x30 cm

José Caamaño (Oliveira, 1985), é un escultor formado durante cinco anos (2006-2011) na Escola de Escultura de Poio (Pontevedra). A súa obra puido verse en espazos como o museo de Lalín (*Emporcarte* 2012), a Nacional de Nova York (*Encontros*) ou no Auditorio de Ribeira (1980), entre outros. O seu traballo máis recente atópase ligado ao doméstico. Mediante a utilización de diversos materiais como o cemento, as resinas, a escaiola, o barro e a pedra, representa series de pezas únicas ligadas ao traballo cotián. José Caamaño presenta para esta mostra unha instalación en cemento onde fai referencia a obxectos míticos que teñen caído en desuso. Unha proposta contemporánea con certo tinte melancólico.

Email: jose.caama.o@gmail.com

Móbil: 669 829 414



@drawing for you e Winter

Fotografía pintada dixitalmente e fotografía dixital a cor
20x30 cm, cada unha

Arquitecta pola Universidade Europea de Madrid dende 2007, e recentemente Graduada en Belas Artes na Universidade de Vigo. Ten realizado estancias de intercambio na Universit  degli Studi di Parma (Italia) e na Kingston University of London (UK). Ten autoeditado dous libros con fotograf as e escritos propios, participando ademais en diversas exposici ns nacionais e internacionais, entre elas Parallaxes e Protest Art: a banner, en Londres.

Web: <http://elialadeloctavo.blogspot.com/>
Email: elialadeloctavo@gmail.com



Tra-lo escudo

Fotomontaxe

Impreso en papel rugoso mate en soporte de cartón pluma

60x90 cm

Licenciado en Belas Artes en Pontevedra na especialidade de Deseño e Audiovisuais no ano 1998, ten dedicado a súa carreira á docencia na escola pública, e actualmente imparte aulas no Bacharelato de Artes do IES Praia Barraña de Boiro. É membro fundador de AGEDA (Asociación Galega de Ensinantes de Debuxo e Artes Plásticas) e do Grupo Rodaxe, actualmente Marearte, e copromotor do Festival Audiovisual Galego Olloboi. Fóra do mundo da arte, está implicado en asociacións como a Protectora Moura e Vox Anima, adicadas á loita pola defensa dos animais. O seu soño é seguir aprendendo novas formas de expresión e popularizar o uso e desfrute das artes visuais como medios de comunicación por parte da cidadanía, así como avanzar na consecución dos dereitos dos animais.

Email: pascual_jesus@yahoo.com




Eolo contra os xigantes

Fotografía

Impresa en papel rugoso mate en soporte de cartón pluma

50x26 cm

Klaus Von Verden chega a España tras a caída do telón de aceiro, para facerse cargo da plantación de eucaliptos que rexentaba o seu avó en terras galegas. Namorado das paisaxes do seu país de adopción, decide vender a plantación e adicarse a percorrer o país acompañado da súa cámara.



Soño de verán

Esmalte a lume sobre metal
44,5x38,5 cm

Natural da Pobra do Caramiñal, participou en 1993 en dúas exposicións (Universidade de Berkeley e no Museo Iberoamericano de California, USA), dentro dunha mostra colectiva do último e máis novo esmalte español. Expuxo as súas obras en París (Francia), Wolzach (Alemaña), Tokio (Xapón) e Arxentina, entre outros países.

Web: www.vilaso.net
Email: laura@vilaso.net



Contentio

Escaiola lacada en branco
30x14x7 cm

Manuel González Gómez “*Manu Mimé*” (Ribeira, 1986). Licenciado en Belas Artes e Máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporánea. É comisario de exposicións e artista. Dentro da súa obra podemos atopar escultura, performance ou fotografía. Todo o seu universo creativo baséase nunha carga POP (iconos, cor, bizarro, cine, televisión, papel couché...). Pero tamén no kitsch, no Camp, certo neobarroquismo, o Warholiano...; todo en claves contemporáneas que respiran certa estética retro. Sangue, flores de plástico, televisión, baile, esperma, diñeiro, cine de serie B... A cultura popular utilizada para falar desta sociedade posmoderna da que formamos parte, nos guste ou non.

Email: manumimeee@gmail.com



Capricho barroco Vestuario e fotografía

Pezas de inspiración barroca, deseñadas e confeccionadas artesanalmente a base de texidos de algodón brocados, bordados florais a base de fío de ouro e gancho. Mostra palpable da tendencia dunha época na que a exaltación da cintura feminina, a excesiva ornamentación e a amplitude de prendas, o uso de cores vivas, así como a rixidez xeométrica das mesmas, marcaban a forma de vestir feminina.

Lorena Martínez Baleirón (Araño, Rianxo, 1984). Xove deseñadora formada na *Escola Superior de Estilismo e Moda “FELICIDAD DUCE”*. Creadora da firma de moda feminina “MISSIMA AH” na que desenvolve os seus deseños que colección tras colección, plasman a súa forma de entender o mundo da moda con creacións cun marcado carácter xuvenil para unha muller dinámica e atrevida.

Email: missimaah@hotmail.es

Web: <http://missimaah.blogspot.es>

Móbil: 672 459 897



mudanza/cambio/change, 2013

Monotipo
3 tintas
49,5x39,5 cm

Todo cambia, todo muda ao teu redor,
non podes evitalo, o mundo transfórmase e tes que amoldarte ao teu entorno;
todo cambia, todo muda ao teu redor,
por pequena ou grande que sexa unha situación
todo muda ao teu redor, todo se transforma,
unha tormenta de sensacións aflora,
fóra do teu poder, incontrolable e sen parar
todo cambia, todo muda ao teu redor.

Email: sangon.ds@gmail.com



Por Amor ao Odio (Pontevedra 2012)

Globo de Mylar, Helio, Recorte de aislante térmico industrial, Pistola de xoguete
200x100x35 cm

Xan Santos (Queiruga, Porto do Son, 1978) é licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo e Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño aplicadas á Escultura pola Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo de Santiago de Compostela.

Email: xansantos@hotmail.com



Torso

Fundición de Aluminio
55x13x13 cm

Estuda o Ciclo de Escultura e Cerámica Artística na Escola AAOO Pablo Picasso, graduándose como Técnico Superior en Cerámica Artística. Traballa simultaneamente as Técnicas de Estampación aplicadas ás Artes Gráficas, disciplina que inicia no CIEC. Actualmente compatibiliza ambas disciplinas coas Artes Plásticas.

Email: molaescabana@hotmail.com

Performance

Performance

Area do tempo nos pés. O camiño percorrido.

A busca.

A Terra. A semente. Ser.

Estar.

O sal da vida.

O lugar. O aquí e agora.

"Este é o meu sitio. Aquí quedo".

En min nace e morre a necesidade de dicir e a necesidade de recibir respostas.

A arte e a poesía escribíense de moitas formas eu só o tento ao meu xeito, sendo o poema.

Email: mapadamar@yahoo.com

Datas: do 8 de xuño ao 31 de xullo

Horario: de 10:30 a 13:30 e de 16:00 a 19:00 de martes a sábado. Festivos de 16:30 a 19:30



CONCELLO DE RIVEIRA



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



Asociación Cultural Barbantia

Centro Social . Rúa Principal, nº 77 - 4º andar

15930 Boiro . Tlf: 981 842 635

www.barbantia.org . www.barbantia.es

@barbantia

Asociación Cultural Barbantia



Fundación Museo de Artes

Artes - Lugar de Outeiro s/n 15969 • Ribeira - A Coruña

Tel.: 981 871 342

fundartes@gmail.com . www.facebook.com/museodeartes

www.riveira.es/museodeartes